

ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Sesión Ordinaria, celebrada o mércores 21 de abril 2021

ORDE DO DÍA

OFERTA CULTURAL, LÚDICA E DEPORTIVA PARA AS PERSOAS DE 14 A 18 ANOS

O mércores 21 de marzo de 2021 celebrouse a reunión do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia de Redondela de xeito telemático, debido ás normas de prevención e protección fronte ao Covid-19.

Presidiu o acto a alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e asistiron os seguintes vogais:

- Hugo Alonso Suárez e Carla Montes Vidal, do CEIP Alexandre Bóveda
- Raúl Sánchez Piñeiro e M.^a Teresa Montesinos Calvar, do CEIP Porto Cabeiro
- David Cermeño Rodríguez e Xiana Fernández Videira, do Colexio Vigo
- Laura Fernández Rodríguez, do IES Chapela
- Carla Santos Mouriño, do IES Mendiño
- Lúa Crespo Almeida, do IES San Simón
- Guillermo Murillo Otero, do IES Pedro Floriani

A alcaldesa dá a benvida aos participantes, e dá as grazas ao grupo do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia que están a xuntarse (de momento telemáticamente) cada 15 días para facer as propostas e mellorar a vida de todos no Concello.

Tamén fai referencia a algunhas das propostas que se fixeran no Consello anterior: o asfaltado dos camiños, os parques novos que se están a facer, e nos que se están aplicando medidas para a accesibilidade. Pon o exemplo da zona de calistenia en Redondela.

Cos obradoiros de emprego, contando con xente de Redondela, poderán traballarse parques das parroquias. Na senda verde de Chapela, na antiga estación, está previsto comezar a traballar, e habilitar unha zona de *skatepark*.

A continuación dá paso a cada un dos representantes para facer as súas exposicións:

A) CEIP ALEXANDRE BÓVEDA

Presentan Iris e mais Hugo, de 4º curso do CEIP Alexandre Bóveda, en Chapela.

Agradecen o esforzo das concellerías de Cultura e mais de Deportes por adaptar as actividades que realizan ás medidas de seguridade COVID.

Propostas:



- Unha **pista para o patinaxe e monopatín en Chapela**.
- **Novas coleccións de libros** actualizadas para a Biblioteca de Chapela.
- **Cinema ao aire libre**, así como autocine.
- Clases de **xadrez**.
- Clases de **robótica**.
- Clases de **novas tecnoloxías**.
- Cursiño para **crear canles de Youtube**.
- Formación en **mecánica para bicicletas**, para aprender a reparalas e para o seu mantemento.
- Clases de **traballos en cerámica**.
- Instalacións de máis **papeleiras** nas rutas de sendeirismo do concello, para evitar a presenza de lixo na contorna.
- Organizar e promover **saídas de patrullas de limpeza** de praias con cidadáns voluntarios.

B) CEIP PORTO CABEIRO

Presentan Raúl Sánchez e M.^a Teresa Montesino.

Entre as súas propostas destacamos:

- Creación dun **carril bici**.
- Mellora de **espazos ao aire libre**.

C) CPR COLEXIO VIGO

Presentan Xiana Fernández e mais Miguel Cermeño, de 1º da ESO.

En primeiro lugar desexan destacar algunha actividade que xa se está a realizar no Concello e que lles está a gustar: a **Exposición ao Natural**, que se está a levar a cabo en diferentes espazos de Redondela, como a obra da artista local Alba Casanova, reciclando os antigos contedores que empregaba Medio Ambiente para a limpeza das praias. É unha forma moi creativa de fomentar a arte e a cultura ao aire libre, ademáis de promocionar a artistas locais.

E as súas propostas:

- Mellora do **acceso á información sobre as actividades de ocio para a xuventude**. Por exemplo, na web do Concello, establecer unha pestana directa para os mozos e as mozas. Tamén promocionando a proposta lúdica en paneis informativos en diferentes zonas do Concello.
- Existencia de algún **carril bici**, no centro de Redondela ou ben en Chapela.
- Que se **melloren as instalacións do skate park**, con máis variedade de estruturas para practicar saltos e trucos.
- Propostas de actividades orixinais como **esgrima co sables láser** ou as chamadas **ópera breaks**, que mesturan danza break con música electrónica, e que xa se están a



celebrar noutros concellos, como Porriño. Poderían realizarse en horarios axeitados para os nenos en función de que houbera demanda.

- Realizacións de **xogos de rastrexo**, unha vez ao mes ou en datas puntuais. Poderían facerse por rutas que forman parte do patrimonio cultural ou artístico do Concello.

- Proposta dalgunha actividade do tipo **holly run**, que é unha carreira libre onde aos participantes se lles rocía con pós de cores.

- Un **obradoiro de robótica**, onde se poderían realizar con cursos e competicións cos robots construídos durante o curso.

- Nas noites de verán, e se a situación sanitaria o permite, poderían facerse actividades nocturnas, ao estilo do programa “Noites abertas” do Concello de Pontevedra. Por exemplo, **xogos de rol** ou visitas para **observar as estrelas** na zona de Monte Penide, con algún experto.

D) IES CHAPELA

Presenta Laura Fernández, de 2º da ESO.

Antes das súas propostas desexan poñer en valor algunhas das cousas que xa existen na parroquia de Chapela a nivel cultural, como son o **Berete Rock**, a **Escola de Música**, a **Queima do Berete**, a **Ruta dos muíños**, e o **Multiúsos**. Estas dúas últimas precisarían melloras de acondicionamento e de volume de actividades respectivamente.

Propostas:

1- Axenda cultural: propostas para enriquecer a axenda cultural que o Concello de Redondela desenvolve na parroquia de Chapela:

-**Charlas sobre igualdade**, para concienciar á cidadanía sobre o tema e que se poderían realizar ao aire libre, na praia de Arealonga, ou en interior, aproveitando o auditorio do Multiúsos.

-**Un autocine**, situado na parte traseira do campito (no aparcamento do Froiz), cunha pantalla desmontable e que se podería facer un venres ou un sábado ao mes.

-**Concertos**, para diferentes públicos e franxas de idade, que poden ser no auditorio do Multiúsos ou, en exterior, na praia de Arealonga (un posible grupo do gusto da mocidade da nosa idade é **Hard Gz**).

2- Ocio: Os lugares de reunión das persoas adolescentes de Chapela, son o Campito, o Paseo de Arealonga, o Piñeirral que está ao lado do Multiúsos ou a Senda da auga. As primeiras accións que se poderían facer sería **mellorar o acondicionamento** destes espazos. Por exemplo, arranxar o chan do Campito ou mellorar a limpeza na praia de Arealonga.

Propostas de actividades de ocio:

-**Cursos de teatro y cursos de cocina**, que complementarían a dinamización do Multiúsos que mencionamos antes.



-**Inchables acuáticos**, na praia de Arealonga durante o verán, tendo en conta que as augas preto da costa de Arealonga non son de moi boa calidade para o baño, estas instalacións permitirían o baño en augas máis afastadas e profundas coa seguridade de persoal de socorrismo presente.

-**Ocio cuberto**: un lugar onde poder reunirse a mocidade nos días choiva. As posibilidades pasarían por cubrir o Campito ou ampliar a zona exterior cuberta do Multiúsos.

-**Un skate-park**, onde poder combinar ocio e deporte. Considéranla unha das necesidades máis importantes, por non ser só un lugar onde practicar distintos deportes, senón que tamén é un punto de reunión, un lugar onde crear e fortalecer relacións persoais.

3- Deporte: No contexto deportivo existe en Chapela unha ampla oferta de posibilidades como son os equipos de balonmán, fútbol e fútbol sala, o clube de remo, a piscina e as máquinas de deporte de Arealonga.

Propostas de actividades deportivas:

Tres propostas: creación dun clube, construción dunha instalación e mellora no uso de outra.

- **Un clube de ciclismo**, co que a mocidade de Chapela puidese practicar este deporte de xeito oficial e con maior seguridade.

- **Unha pista de atletismo**, para fomentar este deporte e dar facilidades á xente que xa o practica na actualidade. Sabendo das dificultades de construír tales instalacións, a petición plantéxase non para Chapela senón a nivel de todo o Concello de Redondela.

- **Unha zona específica para o patinaxe**, xa que agora mesmo esta actividade lévase a cabo no pavillón e o resto de persoas que usan as instalacións consideran que se está estragando o chan por mor do uso de patíns no parque.

E) IES ILLA DE SAN SIMÓN

Presenta Lúa Crespo, de 2º da ESO.

Propostas:

- **Mellorar a wifi pública** de Redondela
- Mellorar a accesibilidade
- **Ximnasio ao aire libre** en Cesantes
- Crear un **club de Voleibol**
- Mantemento da **pista de paddle**
- Máis mantemento do **parque para cans**
- Máis **espazos cubertos** para o ocio
- Habilitar o **kiosko da Xunqueira** para actividades
- **Rutas en autobús** a zonas de Vigo e máis paradas do autobús
- **Carril bici**
- Mantemento do **parque das tumbonas**
- **Stakepark**: ampliar zonas de patinaxe
- Ampliar a colección de **manga e cómics da biblioteca**



- Máis **limpeza nos parques**
- Aluguer de **inchables nas praias. Kayak**
- Organizar viaxes e descontos para coñecer a **Illa de San Simón**
- Máis **orientación** para o estudantado que remata bacharelato

F) IES MENDIÑO

Presenta Carla Santos, de 4º da ESO.

Propostas:

1- PROPOSTAS CULTURAIS:

- Mellorar a **divulgación da oferta cultural para a mocidade**, publicándoa nas redes sociais e en folletos que se expoñan nos centros culturais e na vila, nos pequenos comercios e nas cafeterías.
- **Potenciar o uso da biblioteca**, cunha caixa de suxestións para que se merquen libros interesantes para a mocidade e coa organización de conversas na biblioteca coas persoas autoras de ditos libros.
- Celebrar o **festival de curtametraxes**.
- Realizar obradoiros de **graffiti, teatro, traballo artesanal...**
- Organizar **cursos de fotografía, deseño** e elaboración de **banda deseñada**.
- Darlle **visibilidade ás persoas artistas de Redondela**: xente que escribe poesía, que compón cancións, que fai maxia...
- **Proxección de películas**, ben sexa no auditorio ou ao aire libre no verán. Isto evitaría ter que desprazarnos a Vigo ou a Pontevedra.
- **Eventos culturais ao aire libre**: concertos, cine, teatro...
- Organizar **mercadiños de segunda man** no que se poidan mercar ou trocar roupa, libros, vinilos...
- **Exposicións ao aire libre** de temas interesantes para a xuventude: feminismo, grupo LGTBI, libros...

2- PROPOSTAS LÚDICAS

- Celebración de **concertos didácticos**, con explicacións para motivar a aquelas persoas interesadas no mundo da música. Temos conservatorio, polo que sería doado que actuase máis o seu alumnado, incentivando así a súa motivación e a súa vida artística.
- Celebrar **máis actividades do teatro de títeres**, non só concentradas na semana do Festival Internacional de Títeres. Pensar máis na mocidade, pois sempre se contratan obras para a xente miúda.
- Acondicionar algún lugar céntrico **con mesas e asentos** onde se poida comer e merendar.

3- PROPOSTAS DEPORTIVAS

- Construír unhas boas **pistas de atletismo** para que a mocidade que practica este deporte poida facelo nun espazo adecuado e que non resulte perigoso.
- Construír un **carril bici** para poder acudir á praia realizando deporte e de xeito seguro.
- Acondicionar o **camiño á beira da praia de Cesantes** que vai do Asteleiro ao Loureiro e á Punta da Praia. É un lugar ao que a mocidade acode asiduamente e que está nun estado lamentable.



- Ampliar o **skate park**. A pista faise pequena ao estar coa de baloncesto. Ademais, tamén propoñemos que se cubra a pista, para poder así optimizar o seu uso, independentemente das condicións meteorolóxicas.
- Construír unha **pista de patinaxe**, pois o único sitio onde se podería patinar é a pista da Xunqueira, pensada para fútbol sala e na que, obviamente, sempre hai rapazada xogando ao fútbol.
- Construír unha **piscina municipal descuberta** no lugar onde se celebraba a feira do gando. Permitiría ampliar as actividades lúdicas e deportivas no verán, o que atraería a habitantes doutros concellos. Habería máis afluencia de turistas, o que favorecería a hostalaría. De non poder ubicarse neste lugar, a piscina descuberta podería facerse nalgún lugar da praia de Cesantes, como a que está previsto construír en Vilagarcía, na praia de Compostela. Sería un valor engadido á praia.
- Realizar **rastrexos**, é dicir, actividades ou xogos grupais nos que a través de pistas ou buscas se descubran e se coñezan máis a fondo lugares ou feitos de interese cultural en Redondela nos que nunca reparamos ou dos que non coñecemos a súa historia.
- **Campos de deporte ao aire libre**: fútbol, volleyball...
- **Exhibicións de deportes** como **patinaxe ou baile**, que tamén practica a cidadanía e dos que nunca se fala.
- Rutas de **sendeirismo**.
- **Máis autobuses que conecten as parroquias**, con máis frecuencia e máis paradas, sobre todo incrementar a oferta as fins de semana.

G) IES PEDRO FLORIANI

Presenta Guillermo Murillo, de 2º da ESO.

Despois de analizar a oferta cultural, lúdica e deportiva para persoas de 14 a 18 anos, conclúen que en xeral ésta é bastante ampla e variada, a pesar de terse visto afectada polas restriccións impostas polo COVID.

Propostas:

- Un maior control e limpeza nos espazos públicos de xogo e de deportes
- Centrándonos na oferta cultural propiamente dita, temos festas e tradicións que nos identifican como pobo e que debemos conservar, como a Festa da Coca. Consideramos que o **Festival de Títeres e a Festa do Choco deben ser obxecto dalgún cambio, deben acoller algunha innovación para seguir mantendo o seu interese**, sobre todo no tocante ás actuacións que se levan a cabo nesta última. O ecofestival Artelixo, que se celebra estes días, parécenos unha iniciativa moi interesante que debe seguir adiante. En canto ás festas populares, como as de Reboreda ou San Martiño, gustaríanos que non se perdesen, o mesmo que os magostos ou o San Xoán que teñen lugar nas culturais de cada lugar.
- No tocante ao ámbito deportivo, contamos cun importante número de instalacións para a práctica de diferentes deportes e actividades. O que si vemos necesario é que haxa un **servizo de autobús** que comunique as distintas parroquias con estas instalación. A **pista de skate** quédase pequena e non estaría mal que se fixese **unha en Vilar**. Sería tamén interesante habilitar **áreas de xogo coas súas regras** en distintos lugares, crear un



campo de paintball, organizar actividades de **rastrejo** nas que haxa que seguir unha serie de pistas ou indicacións ou tipo escape room, facer máis **carrís bici**... Para coñecermos mellor a nosa contorna e tamén quen nos visita, os **roteiros** son un bo medio (como os do cemiterio dos Eidos), así como a organización de **viaxes guiadas** (subvencionadas para os residentes no concello) para visitar a illa e os distintos portos, rutas de sendeirismo, fluviais...; ademais, con grupos de **voluntariado**, poderíanse realizar actividades relacionadas co coidado do medio ambiente.

- Botamos en falta un **cine**, o que se remediaría proxectando de cando en vez algunha película, ben ao aire libre, aproveitando o verán, ben nalgún lugar cuberto. Nos **campamentos de verán** que organiza o Concello, gustaríanos poder compartir, ademais do día, as noites. En definitiva, o que queremos é relacionarnos e interactuar con xente da nosa idade, facer novas amizades, coñecer e coidar a nosa contorna, aprender e pasalo ben.

A alcaldesa, Digna Rivas, e mais o concelleiro de Cultura, Daniel Boulosa van dando resposta e comentando as propostas dos representantes, que o Concello terá en conta para as seguintes actuacións do Concello.

Redondela, 21 de abril de 2021

